

FARO DA CULTURA

nº 161 • Xoves, 13 de abril de 2006

Coordina: Xosé Ramón Pena

Acerca da alquimia da felicidade

MARCELA SANTORUM

Hai ideas fixas perigosas, como a que di que a procura da felicidade nos fai felices. O certo é que as ideas fixas acaban creando a súa propia realidade. Isto é algo que os nosos veciños, os americanos, saben moi ben. Eles din, por exemplo, que non somos o suficientemente responsables para coidar de nós, non só no escenario internacional, senón no cotián. A última destas ideas di que fumar é un vicio noxento. Está prohibido fumar non só nos lugares públicos, senón na nosa mente. Consentimos un estado que restrinxe as liberdades individuais e que nos fai débiles.

Estas ideas fixas que crean a súa propia realidade gañan espazo nas librerías. Agrúpanse nun novo xénero, moi americano, o dos libros de autoaxuda. Esta nova moda recruta adeptos de forma alarmante. Todas as nosas carencias afectivas e emocionais son consideradas de forma práctica a través dos textos. Podémosnos poñer no peto a chave para curar o corpo, ter éxito empresarial, conquistar o amor, ser unha bomba sexual... e todo o que ti queiras. O xénero agrúpase en tres áreas: saúde, cartos e amor; vén ser a clásica mestura da felicidade e podemos achegar a tres exemplares temáticos por uns sesenta euros.

Agora tamén hai revistas de autoaxuda. A moda ten todo tipo de profesionais dispostos a publicar: psicólogos, psiquiatras, escritores, sociólogos, políticos e mestres espirituais. Estes últimos teñen especial interese xa que é curioso observar como se difunden as escolas e ideas orientais a través do estilo americano. Deste xeito podemos mellorar depresións, afianzar a autoestima, superar o desamor, achegar ao kundalini, atopar e limpar os chakras, coñecer os segredos do zen, poñer a mente en branco, silenciar a consciencia... Resulta insospitado que, despois da longa tradición da



filosofía europea, as cuestións existenciais se poidan converter de forma tan práctica. Pero a oferta non remata aquí. Tamén temos información sobre os centros de tratamento, xa que hai moitas terapias alternativas como: a lumino-terapia, a cromoterapia, a numeroterapia, a floriterapia... algunhas mesmo ofrecen certificados de asistencia a súas sesións.

Todo un mercado de espellismos que nos ofrece dar sentido a nosa vida e facernos felices. Durante parte do século XX, a autorrealización preocupou aos existencialistas. Eles entón xa se anticiparon a este fenómeno e viron os perigos do vacío existencial. Virono como un efecto indesexable no evolucionar da industrialización. Pero o propio proceso foi o que os censurou pola visión que tiveron da fatalidade e do sentido finito da vida, aínda que eles anunciaron a sociedade que temos hoxe. Recensionaron as nosas confusións, os nosos temores, e a chegada do conformismo: Jung, Karen Hortney, Erich Fromm, Abraham Maslow, Alfred Adler, Victor Frankl, Carl Rogers e moitos máis. Para todos eles a existencia ordénase orientada ao sentido, esta é a gran forza motivadora e a tensión da fin da vida é imprescindible para poñer a nosas potencialidades en movemento. O exceso da tensión condúcenos ao estrés; e a falta del, ao vacío. A felicidade, o pracer e a paz espiritual non son fins, son consecuencias desta realización.

O mercado sedúcenos coa ilusión do pracer e transfórmanos en consumidores neuróticos destes produtos. É unha forma eficaz de manter a mente ocupada e esquecer a fin da vida, cando, paradoxalmente, é iso mesmo o que fai que tiña sentido ser vivida. Non estamos condicionados polos feitos de forma absoluta, o desafío da vida é unha realización intransferible e esta tensión é a que nos garantiza a saúde mental, a certeza de que hai algo digno de ser desexado e buscado. Os feitos, xa sexan interiores ou exteriores, non son tan importantes como a nosa actitude ante eles. Di George Bernald Shaw: "Na vida hai dúas traxedias: unha é renunciar ao desexo íntimo e a outra que se cumpra".

Mercados de praceres

✧ UNHA ENTREVISTA
CON MARÍA VIÑAS / Páx. III


✧ EXPOSICIÓN: "FISURAS
NO COTIÁN" / Páx. VI

✧ EN BRAVÚ: DEZ ANOS
DOS RUXE-RUXE / Páx. VIII

Coa estrea de *Munich*, último film de Steven Spielberg, volve estar de actualidade o cinema político, pois este mesmo ano George Clooney tamén vén de escoller tal temática para a súa segunda película, *Boas noites e boa sorte*, poñendo sobre o taboleiro a dureza da etapa maccartysta nos anos 50 do século pasado nos EEUU.

En realidade, o cinema e a política sempre estiveron vinculados, e foron moitos os directores que recorreron ás escuras tramas do poder para escoller o motivo dos seus traballos. Así, Otto Preminger desentrañou con gran mestría as conspiracións de diversos senadores americanos -ante a posibilidade de que accedera ao congreso algún de filiación esquerdista, en *Tempestade sobre Washington*, un film con moi boa acollida por parte da crítica, pero que non lle fixo moita graza aos poderes políticos: ao cabo, o gran fastasma dos Estados Unidos sempre foi o comunismo, e os cineastas estiveron sempre na mira dos distintos gobernos. As películas cun marcado tinte de denuncia social foron sempre acusadas de colaboracionismo coas forzas bolxeviques, e o elemento que se empregaba para amedrentar á cidadanía era que se pretendía acabar co "sistema de vida americano." Unha etapa especialmente conflitiva foi a década dos 50, co senador MacCarthy, quen acusou a diferentes directores e actores ante o Comité Parlamentario de Actividades Antiamericanas (HUAC). Elia Kazan converteuse en delator, gañando así a animadversión dos seus colegas: algo que quedou patente cando, hai catro anos, lle concederon o Oscar honorífico por toda a súa carreira e gran parte do público asubiu ou simplemente non se moveu dos asentos para aplaudir. Kazan tentou xustificar parte da súa experiencia no filme *A lei do silencio*, onde Marlon Brando delataba as mafias portuarias, poñendo na súa contra a moitos dos seus amigos e veciños.

Un director especialmente familiarizado co cinema político é Costa-Gavras. O realizador grego emprega todos as súas entregas para denunciar as inxustizas de diferentes tiranías; son súas películas como *Z* ou *Desaparecido*, títulos nos que fustiga as ditaduras e a mais a convivencia con elas, sen ningún tipo de escrúpulos, por parte dos gobernos occidentais. Especialmente polémico foi un dos seus derradeiros filmes, *Amén*, no cal apuntou con dedo acusador á Igrexa Católica de non facer nada por denunciar o nazismo e mais o gaseamento de millóns de xudeus. En moitos países, *Amén* sufriu intentos de boicot por parte dos católicos máis integristas. Da súa parte, Robert Rossen tamén poría unha particular ollada sobre as corruptelas políticas no filme *O político*, onde o espectador segue atónito a ascensión



Cartel de "Munich" (2006), de Steven Spielberg.

Cinema e política

dun senador populista que, unha vez no poder, non dubida en empregar as súas influencias para o seu propio beneficio.

Todos somos conscientes de que o cine é un medio inmediato de denuncia, e que as posibilidades de criticar unha situación e chegar a ter repercusión internacional teñen nel unha boa plataforma de saída. Cineastas da talla de Ken Loach ou Stephen Frears buscan historias que sexan interesantes para o público, pero, ao mesmo tempo, serven para facernos recapacitar acerca do mundo no que estamos a vivir. *Kamchatka*, de Marcelo Pi-

ñeiro, ou *A noite dos lapis* retrataron a dureza da dictadura militar argentina. Os espectadores temos, pois, a oportunidade de achegarnos e coñecer mellor diferentes realidades a través da pantalla grande; por todo isto é ben necesaria a presenza deste tipo de films, e de aí que lle cómpre tamén protexer un determinado tipo de cine que non chega de maneira doada as salas comerciais do noso entorno. Iniciativas como o Festival de Cinema e Dereitos Humanos, o Festival de Sundance... favorecen, daquela, a exhibición dun cinema que nos diverte e que, asemade, nos fai reflexionar.

Munich

A última película de Spielberg trata un tema tan espínto como é o conflito árabe-israelí. A primeira vista, cabería pensar que o director americano, de raíces xudías, -e tendo en conta traballos anteriores como *A lista de Schindler* ou a súa participación nun documental sobre o Holocausto- estivese incondicionalmente da parte dos seus devanceiros. Mais o cineasta de *Tiburón* sorprende cunha película valente e que non deixou contento a ningún dos bandos implicados. O mellor do film, ao noso ver, son os momentos de acción, para os cales non cabe dúbida que Spielberg está extraordinariamente dotado. O último plano da película, coas Torres Xemelgas, mostra o fondo como unha clara mensaxe de que a situación actual é froito da violencia e da represión por parte dos gobernos. Foi duramente criticado Spielberg por parte do lobby xudeu en Estados Unidos, pois é quen de mostrar uns políticos decididos a responder con dureza sen límites aos terroristas que estiveron implicados no secuestro e asasinato dos atletas nas olimpíadas de Munich. Esta aposta desencadea sentimentos encontrados nos propios protagonistas encargados de cometer os atentados. Cando xorden as dúbidas de conciencia, a persoa de Avner comeza a preguntar aos seus superiores a quen están matando realmente, e se ese é o método adecuado para atopar a paz. Spielberg preséntanos a uns antiheroes que, cando comezan a misión, están orgullosos de vingarse ao seu país, pero que logo se vén sometidos a unha espiral de violencia da que non poden fuxir e que incluso os atrapa a eles mesmos.

Podemos afirmar que Spielberg sae victorioso do empeño, logo dunha carreira tateante nos últimos anos, con sonados fracasos de crítica coma *A guerra dos mundos* ou aínda *Minority Report*. Nos fotogramas de *Munich*, o director norteamericano retorna, xa que logo, á boa senda que nos tiña afeitos.

Denuncias desde a gran pantalla

FRAN F. JALDA

ENTREVISTA

Como xurdiu a idea de facer unha exposición como Diálogo dende o invisible?

-Despois de recibir o premio Lucky Strike Bar Honda, fixéronme bastantes entrevistas. Nunha delas, eu falaba da situación de moitos artistas galegos que, a pesar de traballar moitísimo fóra, non tiñamos exposto nunca aquí, en Galicia. Daquela, Dolores Vilarinho leuna e quixo entrevistarse comigo para que lle contase cal era a miña situación, porque o tema pareceulle realmente preocupante. Concretamos unha cita, na que houbo bo *feeling*, e onde eu lle expliquei que o que me pasaba a min non era un caso único, senón que iso acontecía con moitos máis artistas que estaban espallados polo mundo sen que se lles fixera moito caso en Galicia. Así que o que pensamos nese primeiro encontro foi crear un nexo entre os artistas e o Parlamento, para que este, como “casa do pobo”, axudara no que puidese a que eses artistas fosen un pouco máis promovidos e coñecidos. A partir de aí xa elaborei o proxecto, baseado nesa idea inicial de apoiar a xente que en Galicia semella invisible e que fóra si que está a facer cousas.

- Que criterios seguiron para elixir aos artistas que están a expoñer no Parlamento?

-Dende logo, o primeiro foi o criterio de calidade artística. Ademais, como o que buscábamos era o perfil dunha persoa que xa triunfara... -ben, que triunfara dalgunha maneira, porque somos todos novos, pero que xa tivese exposto bastante fóra de Galicia- outro dos criterios que se empregou foi o do currículo. Porque, sobre todo, o que quería Dolores era apoiar un pouco a xente que estaba movéndose con toda a forza fóra e que, dende Galicia, non tivese ningún apoio. Tamén quixemos que houbera igualdade no número de homes e mulleres, aínda que isto non foi moi premeditado. O que pasa é que nos atopamos con case os mesmos dossiers seleccionados de homes que de mulleres, así que decidimos que houbera o mesmo número de expositores dun xénero e doutro. Nesta exposición somos cinco homes e catro mulleres, cando, en principio, íamos ser cinco e cinco. Unha das rapazas preferiu expoñer en setembro, xa que intervéen directamente no espazo onde vai expoñer, e quería coñecer a sala para ela preparar o seu traballo. E tamén intentamos ter xente de toda Galicia. O que pasa é que foi moi curioso, porque a maioría dos que están fóra facendo cousas son das Rías Baixas.

- Ademais de xente que está a traballar fóra, tamén expoñen artistas como Pancho Lapeña, que desenvolve aquí o seu traballo artístico, e mesmo Fran Rodríguez, que non ten un currículo de exposicións demasiado amplo.

-Aínda que Pancho estea agora mesmo en Vigo, si que ten traballado moito fóra: en Italia, estivo moito tempo en Alemaña... Quen si foi unha excepción foi Fran. Porque, coa súa calidade artística, parecíame moi triste que anularan un xenio tan brutal como o que el ten, e coidei que era moi importante que estivese na exposición, para apoiálo dalgunha maneira. Daquela, cando a presidenta viu o dossier e cando lle falei de todo o concepto que hai detrás das súas obras, decidi facer unha excepción. Pero é a única.

- Para alén do apoio das institucións, tamén sería necesaria a axuda privada, para que esta situación cambiase, non é?

-Evidentemente. Nós, o que queríamos facer, era abrir unha porta. Esa era a nosa



María Viñas

“Hai moitos artistas galegos polo mundo aos que non se lles dá creto aquí”

Con Diálogo dende o invisible, o Parlamento galego quere dar a coñecer a obra de nove artistas do país que teñen en común o feito de traballar arreo fóra de Galicia e que, porén, permanecen invisibles dentro dela

NATALIA ÁLVAREZ

aposta, a da presidenta e a miña persoal. Porque eu, de verdade, non me metería nunha cousa de xestión se non fose un proxecto tan romántico. Paréceme bonitísimo conseguir, por fin, que moitas persoas que levan dema-

siado tempo “ninguneadas”, de repente poidan expoñer en Galicia, e que os poidan ver a súa familia, a xente que coñecen de toda a vida. O que non sabemos é se vai ter repercusión nos circuitos artísticos. Io xa é difícil de

valorar, porque son circuitos moi pechados nos que o que máis inflúe son directamente os intereses dos intermediarios, dos comisarios, dos galeristas ... Na maioría dos casos importa un pouco menos o artista, aínda que sempre existe algunha excepción por parte de certos galeristas que si teñen en conta aos artistas. Pero, dende logo, o que queríamos, sobre todo Dolores, era que esta xente, polo menos desde un apartado emocional, desde o orgullo, contase cun apoio dende o Parlamento que, como che dicía antes, é o reflexo dos galegos. Logo, a opción de expoñer en circuitos artísticos, xa no está da nosa man. Teñen que ser eles os que estean despertos e decidan, por unha vez, fiarse da calidade artística, na vez de fiarse doutro millón de eventualidades.

- Como recibiron os artistas a proposta?

-Todos quedaron encantados e cheos de orgullo de que os chamásemos de Galicia, dunha institución, para expoñer. E, aínda que teñan exposto en museos moi importantes, todos quixeron estar aí, sen preguntar primeiro sequera as características da sala ou cousas dese tipo. Houbo unha apertura total por parte dos artistas.

- En setembro abrírase unha segunda parte da mostra...

-Así é. A idea é estar ata o 14 de xuño, que comeza outra exposición no Parlamento dun escultor consagrado. E, en canto remate esa mostra, iniciar o segundo ciclo dos “invisibles”, que se chamará “Descubertos”. Como cando descubres cunha saba unha obra e, de repente, vela aí. Pois esa é a idea: mostrar a obra de xente que estivo cuberta, que estivo tapada, que estivo “ninguneada” aquí, e permitirle ao público que coñeza a artistas que están levando o nome de Galicia por todo o mundo.

- Xa teñen a lista de participantes?

-Non, aínda non. Teño unha morea enorme de dossiers, e estou aínda documentándome. Porque agora, aínda por riba, estou cun curso na universidade, en Madrid, e un proxecto con Medem...

- En que vai consistir a súa colaboración co director?

-Medem vai facer unha película que xira arredor da historia dunha marchante que ten unha mansión enorme, e que apoia aos artistas deixándolles que empreguen ese espazo como taller. Medem seleccionou obras de artistas reais que a el lle gustaban, para encher esa mansión e conseguir a credibilidade que dá a realidade. O que me deixou moi sorprendida é que eu pensaba que seríamos todos novos artistas nacionais, pero non, hai xente moi importante. Ou sexa, que o que fixo, foi escoller directamente a quen lle gustaba, ser totalmente fiel ao seu criterio.

- Preparou Vde. a obra especialmente para a película?

-Chamáronme e preguntáronme se quería facer obra especial para o film ou se quería que seleccionasen algunha, entre todas as miñas disponibles. Daquela, eu decidín facer obra especial, aínda que seguindo sempre coa miña liña de traballo, porque me parecía tamén un proxecto moi bonito. Ademais, Medem ten tamén a idea de facer non só un proxecto cinematográfico, senón multidisciplinar, onde se combinen a linguaxe cinematográfica e estoutro tipo de linguaxe artística, e que, ao tempo que se fai a estrea da película, se expoñan tamén as obras dos artistas.

Solpor de gatos

Escaseza de recursos

✿ HÉITOR MERA

O poemario que hoxe nos ocupa foi condecorado co premio Afonso Eanes de Cotón. Nunha primeira lectura decatámonos de que, por moito premio que lle concedesen, non deixa de ser un poemario de tantos que pairan polas nosas librerías adiante.

Para facer poesía hai que ter algo que dicir, unha mensaxe clara, e Verónica e Antonio téñena; deprimente na súa esencia, pero téñena. É unha poesía á que non se lle pode negar unha claridade grande na súa enunciación e simboloxía.

Esas enunciacións parten dunha tendencia permanente ao longo do poemario que se ancora en momentos de monotónia remarcada pola repetición constante de versos en sitios clave do libro que insisten na intención lírica. Non se intentan perder en eclecticismos innecesarios. O lector sae cunha idea clara de cal é a finalidade comunicativa ao rematar a lectura. Hai un camiño vital compartido que se basea nos silencios e na melanco-



lia. Lean a chave última do poemario: ("Amencer así/impávido/roto/morto e tan triste"). Toda a oferta literaria circula a través destes versos aos que lles sa-

en tentáculos de silencio, desesperación, desánimo ou desesperanza. Os recursos rematan xusto onde comegan e pouco máis.

Esa incapacidade tórnase, transfórmasese nun goce morboso de desazóns non contidas. Os "eus líricos" non expresan eses sentimentos porque lles producen, efectivamente, ese desánimo ou esa perda angustiosa e existencialmente tendente cara un solpor,

unha escuridade estudada, insistimos, símbolo evidente acompañado de silencios e pouco máis; a cuestión é que serve para alimentar a súa propia satisfacción.

Eis a claridade á que nos referíamos anteriormente. Hai unha mensaxe que dan, pero o efecto é exactamente o contrario do que pretenden. Non abrolla negatividade en todo o que nos contan, si un relamberse existencial que habería que estudar dende a perspectiva da psicoloxía para saber realmente que é o que pode haber aí detrás.

A poesía de Verónica e Fernando, proén, está inzada de ritmo e dinamismo, non demasiado acorde co ton que se lle pretende dar ao poemario. Non habendo habelencias métricas que non vaian máis alá do consabido versolibrismo, os contrarritmos e encabalgamentos en versos de arte menor, non son a mellor escola formal para unha poesía como a que nos ofrecen.

MARTÍNEZ DELGADO, Verónica/FERNÁNDEZ SEOANE, Antonio, *Cara a un solpor de gatos*, Ed. tresCtres, Santa Comba, 2006, 83 páxinas

Sen ti

A fotografía de Santos Montes

✿ ROMÁN PADÍN OTERO

Este libro asinado polo crítico de arte Manuel Segade, foi publicado co gallo da exposición que o artista cántabro Santos Montes realizou no espazo A Chocolatearía, en Santiago. É un poético exemplar dunha colección editorial en crecemento cuxos volumes serven tanto de peza de colección como de teoría da estética.

O traballo de Santos Montes, Santander 1949, estúdase polo miúdo nestas páxinas onde a reprodución das súas polípticas fotografías alterna cun ensaio teórico. Coa súa cámara capta os momentos suspendidos da fermosura salvaxe na costa galega ou da melancolía nun hospital onde alguén morreu. Nas distintas series fotográficas recollidas no libro vense perspectivas múltiples dun mesmo acontecer. Nas moreas de visións encadernadas retrátanse bodegóns de flores, unha visita a Santo An-



drés de Teixido, un accidente de automóbil, un

novembro hospitalario, un inevitable pasamento, un retórico crucifixo... Todas elas son composicións de gran forza poética e rotunda beleza formal que abundan sobre o paso do tempo. Esa vanitas inherente ao que está vivo queda conxelada pola cámara, facendo que a realidade sexa despois dese momento referida á foto e non ao recordo.

Estas fotografías complétanse coas palabras do teórico M. Segade quen localiza estes traballos entre R. Barthes e S. Sontag.

Baixo o título "Nunca sen ti" expuxo Santos Montes na Chocolatearía. Daquela os escenarios poéticos, a policromía en tons suaves ou branco e negro, o suspendido moment fixaron as fronteiras da súa estética fotográfica. Un ámbito onde a narración visual e a poética literaria afúndense dun xeito parello ao acontecido na filmografía chea de imaxes fixas de Wong Kar Wai. Eses films inacabados do cineasta chinés, onde no sitio de diálogos interminables sobre a vida hai paisaxes de lonxe ou primeiros planos que se pode ollar a violencia cotiá baixo un velo de languidez: aquí unha muller recibe unhas flores; unha excursión coas flores no auto; un accidente que dispersa o ramiño; unha unidade de coidados intensivos; un tanatorio. O estilo narrativo de Santos Montes está feito de pequenas violencias suspendidas polo diafragma que ao ser olladas de conxunto aparecen quedas e silentes...o neorealismo baixou un manto de néboa.

SEGADE, Manuel *Nunca sen ti de Santos Montes*, Ed. A Chocolatearía, Santiago, 2006, 42 páxinas

Rei Artur

Entre o mito e a realidade

✿ ALFREDO IGLESIAS

O mito do rei Artur é unha das máis vizosas do creacións da cultura europea, como proba o feito de que algúns dos persoeros que arrodean ao rei Artur, entre os que cómpre salientar ao mago Merlin, Morgana, Lancelot, Xenebra ou Pércival, ou dos feitos que protagonizou ou que forman parte da súa lenda, a Mesa Redonda, a corte de Cámelot, Excálibur ou a busca do Graal, son creacións sobradamente coñecidas por todos nós e forman parte non só dun ciclo mitolóxico pechado senón que na actualidade continúa a ser enriquecido con achegas procedentes da literatura universal (velaí están as creacións literarias de Méndez Ferrín ou Cunqueiro, que constitúen a máis notable expresión da universalidade da literatura galega) ou do cinema (velaí están filmes como *Excálibur*, de Boorman, *O primeiro cabaleiro*, de Zucker, ou *O rei Artur*, de Fuqua).

É certo que o monarca que nos transmitiu a lenda, aquel que gobernou as illas británicas e unha boa parte de Europa, non existiu; porén, detrás do mito agóchase unha realidade que recentemente se está a verificar documentalmente. Neste sentido, todo parece apuntar a que o mítico rei Artur foi un gran propietario terratenente romanizado que posuía a súa propia tropa de mercenarios, o que era moi común naquel momento, coa que se enfrontou, nun momento de gran inestabilidade política e militar aos celtas, proce-

dentos de Irlanda, e aos saxóns, aos que venceu na batalla de Badon (ca. 516), polo que foron obrigados a asinar unha paz perpetua, feito que lle permitiu a Artur establecer un reino latino que gozou de bastante estabilidade política ao sur do muro de Hadrián, do que s e



chegou a proclamar emperador logo da caída do imperio romano de Occidente no 476. Finalmente, ese importante caudillo britano morrería na batalla de Camlann (ca. 537).

Precisamente, a riqueza do mito, que constitúe a materia de Bretaña, e a procura da realidade histórica que agocha, é a cerna do libro que vén de publicar Xoán Bernárdez Vilar autor de importantes investigacións históricas sobre as viaxes de Colón e o descubrimento de América e de novelas históricas tan notables como *Un home de Vilameán* (1976) ou *No ano do cometa* (1986): *O rei Artur: mito e realidade* xa nos nosos andeis.

BERNÁRDEZ VILAR, Xoán, *O rei Artur: Mito e realidade*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 235 páxinas

LIBROS

Intencións libertarias

Á procura do rastro feminino

✿ DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Para todo escritor é nefasto pensar no seu propio sexo. Diciao, casualmente, Virginia Woolf. Mais non é a neutralidade o que pretende a crítica literaria feminista, da que en Galicia é a profesora Carmen Blanco unha das máis activas representantes, senón unha revisión desde diferente perspectiva... ás veces, irritante; ás veces, incómoda; sempre, por definición, parcial. Esta selección de ensaios -discutida e discutible, e sen dúbida heteroxénea, pola diversa procedencia, profundidade, aproximación aos temas e data de creación dos artigos orixinais- aborda, na mesma liña doutros libros da autora, o discurso "sobre" e "das" mulleres, ao tempo que postula a

Á procura do rastro feminino, ben sexa como símbolo ou como suxeito creador, a autora detense, con confesa admiración, na grande matriarca: Rosalía. No seu tempo dobremente acaalada, por galega e por muller, resalta Blanco aquí o seu valor para a denuncia da inxustiza e a súa independencia, e subliña o carácter poliédrico da súa obra, pródiga en referencias ao mundo social e interior das mulleres, ao erotismo e á dor existencial, á rebelión e á forza da tradición herdada. Como contrapunto, preséntase un Murguía revestido de patriarcalismo liberal, aristocrático e populista.

Da comparación entre as personaxes teatrais do chufón e da casa-menteira, a pro-

pósito do tópico "casar sen amor", extráense diferenciadoras estratexias de supervivencia, ilustrativas dos valores asociados co masculino e o feminino, e delátase o valor da muller como ben económico, igualada nisto, unha vez máis, á terra. Son as relacións que delimitan o ámbito do público e o segredo, do sometimento e da posesión.

Así, entre os que consintén, Blanco apunta noutras páxinas ao papel da muller como botín na ética guerreira de Pondal, ás alusións censoras á promiscuidade feminina de Leiras Pulpeiro ou ao totalitarismo e á misoxinia que se detectan na obra de Otero Pedrayo, Castelao e do mesmo Murguía. Entre as que se revolvén, ás voces das poetas: telúrica e mariña Xohana Torres, totémica Olga Novo, Luísa Castro a vencer os leóns e Rosalía, sempre Rosalía, como advocación perpetua. A imaxe feminina nas cantigas medievais e nas cantigas de Ángel Valente, un varrido polos artigos xornalísticos de Ánxel Fole á busca de comentarios sobre creadoras galegas e algúns apuntes sobre plástica (Maruja Mallo, Lugris, Granell, Díaz Pardo) completan esta escolma que agora se publica.

As referencias á luz do sol negro, á tinta de branco leite... Se cadra, máis que as conclusións críticas reflectidas nos artigos, atrapoume na lectura esa xenealoxía mítica de belas e de bestas, deusas, fadas, bruxas e guerreiras que aparece entre liñas, a engarzar, cos seus lazos simbólicos, mulleres personaxes e mulleres autoras en Galicia. Da Deusa dos Ollos Grandes de Buriz, á (miña bis)avoia Lola, da Penélope que pende á que tamén navegar, nun mundo literario onde a augamar ou lágrimas, río ou ría, sexo, nacemento ou morte- flúe parella á terra, femia tamén, nación e útero.

Pecha e resume así esta obra, de intención libertaria, unha triloxía que a autora iniciou, nesta mesma colección, cos seus estudos sobre literatura galega producida por mulleres e sobre a visión dos creadores como instrumento conformador e constrictor de estereotipos femininos.

BLANCO, Carmen, *Sexo e lugar*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 398 páxinas



equivalencia entre o poder sexual do patriarcalo e o poder colonial. Xénero e nación, unha vez máis, baixo a ollada feminista na crítica galega.

XÉNERO E NACIÓN,
UNHA VEZ MÁIS, BAIXO A OLLADA FEMINISTA

Dor que reflexiona

Na poesía da ruptura

✿ ROMÁN RAÑA

Acaba de ser reeditado o libro de Chus Pato (Ourense, 1955), *A ponte das poldras* na fermosa e xa exitosa colección de poesía "Dombate", da editorial Galaxia. Advirtamos ao lector que a poesía que contén é densa, compacta, non dada á fácil efusividade nen á declamación tradicional. A súa sintaxe é unha continua busca da sinceridade nunha viaxe ao fondo do falar e das palabras que non desdeña a arte barroca nen os cárceres conceptuais, mais tampouco a beta das lembranzas familiares, o esgazamento interior que a revisitación do pasado provoca. A nosa autora non pretende fechalo en versos de cómoda aprendizaxe, ben polo contrario, aspira a que o lector faga o esforzo necesario para aprehender a viva conciencia dunha temporalidade que, finalmente, pode acabar sendo a súa.


E de que fala a poeta e as súas máscaras cambiantes, os poemas? Pois da indagación nas feridas, a ferida dos antepasados, os avós, a terra nativa, a morte deles en trágicas circunstancias (o río Ebro que acaba sendo o Érebo, o inferno da guerra que perdemos sempre), a infancia como territorio perpetuamente visitábel, a patria, ese outro territorio radicalmente posíbel sempre a se facer e a se deixar devastar, etc.

Convén sinalar que advertimos a desorientación nun microcosmo de intensidade doméstica, cando emerxe a insondável infancia, os anhelos que depositamos nas cousas, nos xoguetes (na nenez todas as cousas poden ser xoguetes, obxectos onde prolongar a nosa imaxinación, a inocencia do espírito humano

UNHA SINTAXE A PROCURAR ARREO A VERDADE NO FONDO DO FALAR E MAIS DAS PALABRAS

en toda a súa dimensión e complexidade), como testemuñan estes versos: "Acabo de meter a Nación nun cofre de piratas/o plano no corazón./Podo xurar que malia o inverno escoitei cantar a Primavera/a fotografía da nenez no labirinto de buxo."

Non estraña que a poeta declare momentos despois que a primeira dor da



vida foi a perda da infancia, o paraíso dos días infantís para sempre irrecuperado.

Chama a atención o uso de poemas longos, de longa respiración, onde se fragmenta escuramente a natureza dolorosa das cousas, un sentido case incommunicábel, unha ansia por expresalo que concita un sufrimento que acompaña á sintaxe (xa o dixemos) e á linguaxe abrupta, ás enumeracións cortantes nunha confrontación dialéctica entre a realidade exterior (a estraña arquitectura do mundo) e a realidade interior (anacos da alma que se ispe), que quer superar esta dualidade através da palabra. Mundo que se deshabilita, pasado que se fai sagrado. Pasado, repetímolo, que non se pretende fermosear, mais transfigurar.

Percibimos a dor en moitos momentos do poemario, a desolación dun sufrimento que racha a orde natural das palabras e deixa un halo de misterio en cada verso, en cada precipicio. Por iso o que máis nos conmove é a información di-

recta desta invitación e deste designio: "Esta, da que agora escribes, é a cidade dos teus dez primeiros anos/unha cripta/hai un parque./xogas nunha estatueta, a dos Caídos/é un anxo de pedra, enorme, ti só lle ves as costas/o escudo de España, e xogas nel a gardar tesouros/nas costas do anxo, na coroa real do escudo dos Caídos/por España/non hai ceo/os empardeceres grises, neboentos; non mirarás ao ceo, nunca."

Perdóeseme a longa citación, creo que nela se recolle o espírito dunha dor que reflexiona, dunha poesía convulsa que busca a recuperación do que se perdeu, poesía da ruptura que quer capturar aquilo que non volta pero do que voltamos, se non completos de sabedoría, polo menos completos da íntima verdade da poeta.

PATO, Chus, *A ponte das poldras*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 63 páxinas



De arriba abaixo:
Instalación de
Carme Nogueira;
Instalación de Neves
Aldara Seara e
“Naquel cuarto logo
de berrar”, de Antía
Moure.

Na santiaguesa Casa da Parra da Praza da Quintana pódese contemplar a mostra *Fisuras no cotián. 9 narradoras no relato da violencia* na que Chus Martínez Domínguez e Xosé Manuel Lens, como comisarios, propoñen por medio da obra de nove creadoras galegas un rigoroso relato, semanticamente moi aberto, da violencia que é argumentado desde a percepción feminina.

O termo *relato*, que aparece xa no título da exposición, non é para nada arbitrario, ben pola contra, axústase con precisión ao obxectivo e os resultados da mesma, xa que se tivéssemos que definila en termos literarios a proposta é a dunha mostra de xénero narrativo cunha forte pegada ensaística.

O local, o espazo da Casa da Parra, convértese en esteo básico de todas as propostas –e do proxecto en xeral-, lonxe de ser un



Un relato da violencia en nove voces

CARLOS L. BERNÁRDEZ

rra e a ruptura do respecto dos códigos internacionais, con tanto esforzo afianzados durante décadas, até o plano máis cotián –tema da mostra- no que se pode detectar os signos de caída que se manifestan no plano familiar, fracturada a cohesión social mediante a que se transmitiu o sentido de autoritarismo paterno e a submisión da muller á convencional feminidade. Este alicerce da sociedade cae en picado desde a posta en cuestión dos valores machistas e de todo o sistema de exclusión e discriminación que levaba aparelado.

A obra das nove creadoras seleccionadas: Antía Moure, Bárbara Monteagudo, Ana Pillado, Anxos Sumai, Neves Aldara Seara, Maribel Castro, Carme Nogueira, Ana Soler e Uqui Permui amosa cómo as representacións contemporáneas da violencia producen nos que as contemplan unha inten-

sidade afectiva, xogando ás veces a arte cunha linguaxe explícita, contundente, e outras, con sutileza e ambigüidade.

Nestes tempos de exceso de información, a violencia aparece como excesiva, produto da súa multiplicación a través do medios de comunicación, sedándonos e provocando o noso fastío fronte á dor allea. Curiosamente, e creo que é unha das chaves para entender a exposición *Fisuras no cotián. 9 narradoras no relato da violencia*, somos máis consciente que nunca da súa presenza, cercados como vivimos na sociedade occidental e atormentados por que a ameaza, que está dentro e fóra de nós, se acabe por converter en catástrofe.

O retrato da violencia sufriu na arte máis recente, nas últimas décadas, unha transformación radical canto á súa utilización, pasando –paradoxalmente- a unha preeminencia exacerbada a medida que a arte se tornaba máis conceptual. As imaxes da violencia deveñen en protagonistas e en fonte de infinitas lecturas, nas que a descontextualización, a ironía ou o humor mesmo, permiten un mundo totalmente ilimitado de lecturas, desde as representacións que irradian unha forte intensidade afectiva, xogando unhas veces o papel de vehículo para unha comunicación explícita, contundente, e outras, transmitindo sensacións con sutileza, ambigüidade ou humor.

Pero neste tempos de hipercomunicación, a violencia aparece como un límite, en ocasións con características formais vinculadas ao exceso, porque se multiplica visualmente a través do medios. Estamos diante desta situación impermeabilizados pola súa cantidade e pola frecuencia, máis o paradoxo é que somos, como en moitos outros ámbitos da comunicación, máis conscientes que nunca da súa presenza –cosa ben evidente ao contemplarmos a mostra da Casa da Parra-.

Fisuras no cotián

simple contedor é parte esencial do argumento.

Diante de nós aparecen, pois, diferentes olladas sobre o mundo da violencia na sociedade actual. É este da violencia un tema recorrente na arte de todos os tempos, mais que na actualidade se converte en ineludíbel nunha sociedade como a contemporánea na que asistimos á presenza de síntomas nítidos da ruína moral, social e cultural da condición humana, desde a gue-



Feridas lañadas

A exposición da Casa da Parra recolle obras de creadoras das últimas xeracións e de problemáticas diferentes, elixidas cun criterio interdisciplinar e cunha marxe de idade de 20 anos, aproximadamente entre 1960 e 1980. Son todas galegas, que viven dentro ou fóra do país e que traballan en campos diversos como a escultura, a instalación, a danza, a literatura ou o deseño. Configúrase o proxecto con obras concibidas ou adaptadas ao espazo da mostra, todas coa vontade de afondar nas entrañas da violencia e as súas representacións. En xeral, contribúen a cuestionar con imaxes plurais os significantes que alimentaban o poder simbólico, instalado no poder (nos poderes), deixando en evidencias as súas fisuras. Son, xa que logo, amósegas, feridas lañadas, brillantes testemuñas dunha dor e unha violencia que ten unha características sociais e culturais que non deixan de evidenciar as contradicións da nosa sociedade.

INFANTIL/REVISTAS

A maxia de Merlín

O sempre gratificante paseo pola obra cunqueiriana ten na edición de *Grial* Nadal 2005 un claro referente: *50 anos con Merlín e familia*. Dende o ano 1955, data na que a case recién estreada editorial Galaxia publica este excepcional libro, moitas edicións se teñen sucedido e moitos son os comentarios realizados en torno a tan singular obra; singular polo contexto no que xorde e singular tamén pola interpretación que recibe.

Transcorridos cincuenta anos da súa publicación pensouse facer unha exposición que deixara memoria e o tempo dirá-mais, polo de pronto, máis de 60.000 persoas achegáronse ao Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela para visitar as tres galerías onde a editorial Galaxia celebraba os cincuenta anos de edición do primeiro título de narrativa de Álvaro Cunqueiro.

E para que conste por escrito esta homenaxe, *Grial Cadernos* recolle nun volume especial de finais de 2005 a modo de prólogo datos e impresións da citada exposición, oito artigos que asinan diferentes autores e que amosan momentos da vida-obra cunqueiriana e fotografías, debuxos e ilustracións de Fausto Isorna que acompañan aos textos.

Desde o cincuenta aniversario

MARÍA NAVARRO



A parte fundamental do volume constitúena os artigos que dunha ou doutra forma achéganos retallos da forma de vivir e de entender o mundo dun dos auto-

res máis significativos das letras galegas. Dolores Vilavedra imaxina a publicación de *Merlín e familia* como "a súpeta aparición dun fulgurante cometa no ceo opaco da Galicia dos 50" e que supón o nacemento de Cunqueiro como narrador en galego. Francisco Fernández del Riego, Carlos Casares e Ramón Piñeiro aproveitan a súa relación de amizade con Cunqueiro para escudriñar no seu interior e amosar a sensibilidade do mindoniense para coa súa terra e co mundo en xeral. Victoria Cirlot profundiza na esencia do "mito e novela na tradición artúrica" e a través del entendemos o devir histórico deste tipo de temática. E Xosé Miranda e Ramón Loureiro centran a súa atención na interpretación desta parte da obra de Cunqueiro na que se insire *Merlín e familia* e que ten que ver co marabilloso e coa imaxinación.

Diríamos que os artigos que apuntan basicamente en dúas direccións: na do texto propiamente dito e na personalidade de Álvaro Cunqueiro, ofrecen unha visión excepcional do xenial escritor da literatura no só galega e española, senón do século XX.

V.V.A.A. *50 anos con Merlín. Grial, cadernos*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 82 páxinas

Capacidade de relación

A serie que a editorial Tambre vén de publicar *¿Onde estou?*, de Lisbet Slegers, grazas ás traducións de Mercedes Pérez Gómez, e que vai dirixida aos primeirísimos lectores e mesmo aos meniños e meniñas prelectores, centra os seus centros de interese en realidades moi achegadas aos pequenos e que non supoñen ningunha dificultade para os identificar, tales como tendas, cuartos de baño o o mesmo cuarto de durmir. E así, nun formato moi cómodo e rechamante para estas idades con bordos arredondados e páxinas lavables, presenta unha serie de obxectos que farán que o neno identifique en cada caso o lugar onde está.

Por iso neste volume que hoxe comentamos, o protagonista verá unha roda, cestas verdes de plástico, unha culler das grandes, un parruliño de plástico ou a súa pixama amarela que, como tamén o lector deducirá tras abrir a páxina despregable, farán que comprobe que se atopa na bicicleta do pai, no supermercado, na cociña, no cuarto de baño ou ben na cama respectivamente. Deste xeito móvase a capacidade de relación dos pequenos que aprenden a asignar obxectos determinados a espazos

Un formato cómodo e agradable

PAULA FERNÁNDEZ



concretos, así como pretende ensinar a desbotar estereotipos machistas, ligados en moitas ocasións á literatura infantil, e aínda que no supermercado o personaxe vai acompañado de súa nai, na cociña estará con seu pai mentres el fai a comida.

Ao tempo que se prima esta capacidade de relación prodúcese tamén un achegamento ao mundo das letras dunha maneira guiada por adultos que serán os que lles axuden a adquirir a dinámica da lectura nas primeiras experiencias dos meniños cos libros.

Este tomo forma parte dunha serie onde outros títulos coma *¿Que estou facendo?* ou *¿Quen son?* inciden nesa cualidade dos libros de dar respostas a preguntas que irán dotándose de maior dificultade a medida que aumente a idade de quen le.

Tanto este coma os outros títulos da colección seguen a mesma liña no que a estrutura e a estética se refire, e deste xeito preséntase un obxecto que logo aparece tamén na páxina despregable a cal dará finalmente a solución á pregunta esbozada no título do libro, sempre acompañados de ilustracións, alusivas a obxectos e a espazos, moi figurativas con cores que captan a atención e moi atractivas para un público que polo momento atende en maior medida á componente gráfica dos libros.

SLEGERS, Lisbet, *¿Onde estou?* (trad. Mercedes Pérez), Ed. Tambre, Zaragoza, 2006, 25 páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Diccionario Ortográfico

Xosé Feixó Cid
Edicións Xerais. 544 páxinas

Este diccionario ofrece por vez primeira nun único volume a presentación do vocabulario normativo galego e das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Así, na primeira parte,

normas ortográficas e morfolóxicas, que constitúen a segunda parte do diccionario, o autor optou por achegalas ao público consultor dun xeito simplificado e ordenado alfabeticamente para unha mellor localización da cuestión obxecto de consulta. Ademais, en poucas páxinas, ofrécese extractado un diccionario de verbos co que todos eles poderán ser conxugados con seguridade.



Os apelidos de Porto do Son

Joaquín Torres del Río

Editorial Toxosoutos. 388 páxinas

O presente volume aporta bases lingüísticas, bibliografía e datos para coñecer a orixe e significado de 800 nomes de familia tradicionais e dos segundos residentes do municipio de Porto de Son. Por razóns obvias, moitos destes apelidos teñen coincidencias cos de Noia, Muros e Compostela e son reco-

rrentes por toda a xeografía galega. Este libro pretende ser unha primeira sistematización, estudando a xenealoxía, a etimoloxía e a heráldica da nosa rica antroponimia. Joaquín Torres é autor, ademais de *O antigo pazo dos Caamaño de Nebra* (1997) e *A toponimia do Concello de Porto do Son* (2000).



Carlota e a gaivota patiamarela

Miro Villar/Enjamio

Edicións Xerais. 32 páxinas

O río non tiña segredos para Carlota, a marmota, e mais nunca vira o mar. Carlota decidiu resolver ese misterio louco andando veloz seguindo o curso do río ata chegar a un deserto negro e frío. ¿Era o mar aquela cousa tan fea que nin se podía ollar? ¿Qué animal descoñecido,

enterrado no chan, intentaba saír do chapapote? *Carlota e a gaivota patiamarela* é a terceira entrega da serie de álbums protagonizados pola marmota Carlota, que desta volta emprenderá unha viaxe río abaixo ata atopar no esteiro a desfeita provocada polos verquidos do chapapote.



Román o bombeiro

Pinto & Chinto

Editorial Everest. 58 páxinas

Non todos ten clara a súa vocación dende nenos. Sen embargo, Román sabía, xa antes de facer os nove anos, que o seu destino sería apagar lumes, tanto grandes coma pequenos. Ten por diante un longo camiño por percorrer, a miúdo cheo de difi-

cultades. Non obstante, a súa constancia e as súas ganas de ver cumprido o seu desexo guiarano ata o converter no mellor dos bombeiros da cidade. Este relato aparece editado na colección Montaña Encantada e está adicado a rapaces a partir de oito anos.



Dez anos dos Ruxe

Escintileos en bravú

DANIEL LAVESEDO

apenas tres anos de andaina xa vai polo terceiro traballo-, volve coa mistura dos sons galegos tradicionais co rock, a música balcánica, o reggae e

mesmo a samba, todo envolteito nun directo festeiro e potente que paga a pena ver. Outros que tamén andan de estrea neste comezo do 2006 son os Zénzar, con xa cáseque vinte anos ás costas, dende os seus comezos co nome de Mördor, que presentarán a súa nova entrega o vindeiro 12 de maio, en Ordes, onde continúan a súa liña de rock contundente, que no seu anterior traballo deixou

o c o para

o son tradicional coas colaboracións de Antón Papaqueixos á gaita e Rómulo Sanjurjo co acordeón.

E o terceiro grupo que presentará o seu novo disco son os Ruxe-Ruxe. A banda de Aríns entrará a gravar nos estudos Casa de Tolos, de Segundo Grandío, este mesmo mes de abril o que será o seu quinto traballo que sairá á venda probabelmente antes do verán. Pero é que, ademais, os Ruxe están de aniversario, concretamente o décimo, e están a argallar unha gran festa para a presentación deste novo disco, na sala NASA compostelá o vindeiro 27 de maio, onde de seguro estarán presentes moitos dos nomes máis importantes da música rock en galego nestes dez anos. Así probabelmente estarán no escenario acaron dos Ruxe-Ruxe grupos amigos coma os Zénzar, os Túzaros, Non Residentz e incluso pode que haxa unha reaparición dos Rastreros de Chantada, banda lendaria do rock bravú. Porque desta anada do rock galego, os que quizais lle deban máis ao movemento que consolidou o rock en galego nos anos noventa sexan os Ruxe-Ruxe. Ensañar nun cortello, máis alá da boa acústica, marca e eles, malia non se considerar un grupo panfletario, non fan

máis que reflectir a realidade que teñen arredor e esta, aínda que quizais cada vez dun xeito máis ruín, é brava. E así lles sae a música. Xa dende os seus comezos, cando tiraron a primeira maqueta no 1996, que incluía cinco temas onde se intuía cales ían ser os vieiros polos que camiñase a música dos Ruxe: rock en galego, que fala de Galiza e que mesmo soa coma ela en ocasións, tanto que durante os seus comezos, cando gravaron o seu primeiro disco, *Ruxe-Ruxe*, 1999, e mais o segundo, *Non temos medo*, 2000, foron incluídos seguido en compilatorios de música folc e celta. Isto debeuse xa non á presenza de gaita e acordeón en moitas das súas pezas, ou as colaboracións que nos discos teñen feito pandeireteiras coma Liñaceira, -feitos que por outra banda son comúns a outros grupos de rock-, senón a unhas raíces tan chantadas na terra, como lles acontecía quizais aos Rastreros, que aínda que estean a facer rock hai algo atrás que recorda sempre de onde son os que tocan. E non hai máis que escoitar os seguintes traballos do grupo, *A terra dos comentos*, 2003, e *Fervendo*, 2004, para se dar de conta disto. Porque nestes traballos a presenza do rock é moito maior, case absoluta, especialmente no último deles, coas colaboracións de Julián Hernández de Siniestro ou o Maestro Reverendo, mais o arrecendo á terra segue a estar presente, para sinalar que os rapaces que están a soar vos son de Aríns, Compostela.

Adeus aos Túzaros

A música vai, como o mundo, evolucionando cara adiante pero non sempre para mellor e así acaron das boas novas que nos chegan cos traballos que presentan as bandas galegas neste 2006, tamén algunha noticia menos agradábel vai aparecendo. E unha destas é a da fin da traectoria dos Túzaros, banda de rock tamén santiaguesa, concretamente de San Lázaro, que levaba catorce anos na música, tempo que lles permitira gravar dous discos, *Túzaros*, 1997 e *Trivial*, 2001, para alén dunha maqueta anterior, que reflectían un son contundente que levaron a escenarios de toda Galiza, nomeadamente da comarca de Santiago: Bertamiráns, Escravitude, todos os pubs de Compostela, aínda que axiña foron ampliando fronteiras para deitar o seu son en Padrón, Bueu, Vigo, A Coruña, Chantada...

E así foron os catorce anos de historia dos Túzaros, Mario César Vila, guitarra e voz, Xulio Boquete Rodríguez, baixo, e Xoan López Ferrás, batería, na formación histórica que mudou tan só co troco de "Tejo" por Xulio no verán de 2004 no baixo. Anos de estrada, de ensaios, de loitar por facer boa música en Galiza e en galego, feito que os levou a estar presentes no proxecto Unión Bravú, 1996, onde unha ducia de bandas quixeron demostrar que era posíbel facer rock aquí sen se ter que transformar en copias insípidas das sonoridades foráneas, sen ter que imitar, creando, argallando, dende a pertenza consciente a unha cultura.

Oxalá que este adeus da banda compostelá non sexa máis ca unha interrupción momentánea na súa andaina e que volvan nuns meses con folgos renovados, mais, se non é así, só resta quedar co recordo dalgún concerto ou con algún dos discos onde deixaron constancia do seu bo facer na música rock galega.

